


CELEBRACIÓN EN OS COTOS (na igrexa)

24-25 de agosto do 2024

XXI ORDINARIO B



OS COTOS COA IGUALDADE VERDADEIRA DAS PERSOAS,
COS POBOS QUE SOFREN INXUSTIZA E ABANDONO,
COS REFUXIADOS E MARXINADOS DA SOCIEDADE,
COA NATUREZA MALTRATADA,
CON RESPONSABILIDADE COIDADORA ANTE A COVID-19
E SEMPRE SEMENTANDO PAZ



1.- ENCONTRO DA COMUNIDADE

(tod@s de pé)

@ monitor/a está na sé

SAÚDO DE BENVIDA

🎵 **nº 1** *Que ledos hoxe estamos* estrofa 1

Celebrante:

Benvidos sexamos todos a esta celebración. Reunímonos para compartir a Xesús e a súa Palabra de vida en comunidade, e facémolo no nome do Pai e do Fillo e do Espírito Santo.

Hoxe a Liturxia pon diante de nós o noso compromiso libre, responsable e persoal da fe.

Xosué consulta ao pobo de Israel se quere servir ao Señor ou a outros deuses e contéstanlle que servirán ao Señor porque é o seu Deus.

Xesús tamén lles dá liberdade aos apóstolos para elixir se queren marchar ao igual que fixeran outros que non crían na súa Palabra.

Hoxe é a nós a quen interpela a celebración: queremos de verdade ser cristiáns? Cremos na Palabra de Xesús? Somos quen de concordar a fe e a vida de cada día ou somos cristiáns na igrexa e non fora dela?.

Son preguntas importantes ás que temos que dar resposta. A nosa fe ten que mostrarse no que vivimos cada día. Se queda soamente en boas intencións e non a acompañan as obras é unha fe morta.

ACTO PENITENCIAL

Celebrante *A vida de Xesús demostranos que vale a pena compartir con todas as persoas dende a actitude do compromiso persoal de cada día. Pero moitas veces non sabemos respectar a liberdade dos demais, por iso hoxe, antes de máis nada, queremos pedir perdón e refacer a nosa relación con Deus porque queremos facelo mellor:*

Monitor/a

- Porque non facemos unha opción persoal e libre pola vida de fe. Perdón, Señor, perdón
- Porque vivimos unha fe chea de rutinas, costumes e canseiras. Perdón, Señor, perdón
- Porque ás veces pretendemos vivir a fe dende a comodidade de non decidir nin implicarnos. Perdón, Señor, perdón

Celebrante: *Deus, Pai agarimoso, ten piedade de nós, dos que teñen un lugar no noso corazón e na nosa vida, e dos que non son capaces de tomar decisións con liberdade. A todos, o Señor nos concede o perdón e nos leva á vida eterna. Amén.*

ORACIÓN PROPIA DO DÍA

Celebrante: *Rematamos a primeira parte da celebración presentando no silencio o que rebule no noso interior.*

(silenzo)

Celebrante:

Deus, Noso Pai, ti que es capaz de acordar as vontades dos teus fieis, concédelle ao teu pobo amar o que lle mandas e desexar o que lle prometes.

Fai que no medio dos cambios deste mundo nos manteñamos firmes na procura da felicidade que permanece.

Pedímoscho polo mesmo Xesucristo, teu Fillo, que vive e reina por sempre eternamente. Amén

2.- PROCLAMACIÓN DA PALABRA DE DEUS

(sentad@s) a palabra de Deus proclámase dende o ambón

Celebrante:

Na Palabra de Deus de hoxe o pobo de Israel dá resposta á chamada do Señor porque El é o seu Deus e comprométense a vivir segundo os seus mandatos.

No Evanxeo os apóstolos responden a Xesús: “A quen imos a acudir se só Ti tes palabras de vida eterna”.

Vivir a fe é tomar decisións, é asumir persoalmente un xeito de vivir. A fe, ou se asume como decisión propia ou non é máis que un feixe de costumes que non enchen a vida. escoitémolos.

LECTURA DO LIBRO DE XOSUÉ

Daquela xuntou Xosué a todas as tribos de Israel en Xequem, e chamou aos anciáns de Israel, aos xefes, aos xuíces e máis aos oficiais, e presentounos diante de Deus. E Xosué falou a todo o pobo deste xeito:

- Se vos anoxa servir ao Señor, escollede hoxe a quen ides servir: se aos deuses que serviron vosos pais na outra banda do río, ou aos deuses dos amorreos, os da terra que habitades. Eu e maila miña familia serviremos ao Señor.

E respondeu o pobo:

- "Lonxe de nós arredármonos do Señor para servir a outros deuses, pois o Señor, o noso Deus, fíxonos subir a nós e a nosos devanceiros da terra de Exipto, da casa do asoballamento, e fixo diante de nós aqueles grandes prodixios e protexeunos ao longo de todo o camiño que percorremos, e máis por todos os poboados por onde pasamos. Así que tamén nós serviremos ao Señor, pois El é o noso Deus.

Palabra do Señor

🎵 50 Na tardiña baixa da vida SALMO

(en pé) Leccionario II B páx 236 Xn 6, 60-69 EVANXEO

PROCLAMACIÓN DO SANTO EVANXEO SEGUNDO XOÁN

Daquela moitos dos discípulos de Xesús dixeron:

- ¡Que dura é esta doutrina! Quen pode admitir tal cousa?

Comprendendo Xesús que os seus discípulos murmuraban do asunto, díxolles:

- Escandalízavos iso? E logo se visedes o Fillo do Home subindo a onde estaba antes? O espírito é quen dá vida, a carne non vale para nada; as palabras que eu vos falei, son espírito e son vida. E, aínda así, hai algúns de vós que non cren.

Pois ben sabía Xesús desde o principio quen eran os que non crían e máis quen o había de entregar. E proseguíu:

- Por iso téñovos dito que ninguén pode vir a min, se non llo concede o Pai.

Desde aquela moitos dos seus discípulos botáronse para atrás, e xa non andaban con el. Preguntoulles entón Xesús aos Doce:

- Vós tamén vos queredes ir?

Respondeulle Simón Pedro:

- Señor, e onda quen imos ir? Ti tes palabras de vida eterna, e nós cremos e recoñecemos que ti es o Santo de Deus.

Palabra do Señor

(sentad@s) gardamos uns instantes de silencio para acoller a palabra no corazón

Os apóstolos atopan en Xesús Palabras de Vida. Estas son algunhas delas:

PAI palabra de vida para sentirnos ben diante do Deus que nos quere

IRMÁN palabra de vida que marca o camiño para facer realidade o proxecto de Xesús

EVANXEO palabra de vida que nos descubre as pegadas a seguir para ser cristiáns de verdade

AMOR palabra de vida que nos leva a dar unha man aos asoballados de hoxe

COMUNIDADE palabra de vida que nos achega aos demais para compartir a fe

PAZ palabra de vida que queremos sementar porque nos doe e nos escandaliza a violencia vivida nestes tempos



🎵 41 **Quen nos vai separar de Ti**

(en pé) PROFESIÓN DA FE

Celebrante: *Hoxe Cristo míranos aos ollos e esíxenos unha resposta, queremos seguilo?, confiamos nel?, proclamemos:*

🎵 ***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

Monitor/a:

Crede en Deus, Pai e Nai,
que nos fixo á súa imaxe e semellanza
convidándonos a ser cribles nas decisións e nos feitos?

🎵 ***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

Crede en Xesús, o seu Fillo benquerido,
pan de vida que se nos dá no noso camiñar
para vivilo en tolerancia, respecto e paz?

🎵 ***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

Crede no Espírito Santo
que nos alenta para desbotar dos nosos corazóns as
rutinas e as canseiras?

🎵 ***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

Crede na igrexa, comunidade viva
que ao longo da historia descubre e proclama que Cristo
ten palabras de vida eterna?

🎵 ***Creo, Señor, pero aumenta a miña fe***

ORACIÓN UNIVERSAL

Celebrante: Rezamos a Cristo convencidos de que as súas palabras valen a pena porque son palabras de VIDA. Dicimos:

SEÑOR, ATENDE A NOSA VOZ

Monitor/a

- ✓ Mira Señor pola túa igrexa, mantennos firmes na escoita da túa Palabra. Rezamos
- ✓ Mira Señor polos mozos e mozas das nosas parroquias e dálles coraxe para responder á chamada da fe con decisión e libremente. Rezamos
- ✓ Mira Señor polos pobos que sofren os horrores da guerra, polas mulleres que sofren a violencia de xénero, e arrinca dos corazóns todo o que fire e divide. Rezamos
- ✓ Mira Señor por aqueles que viven a fe de xeito rutineiro, aburrindo co seu testemuño aos demais. Rezamos
- ✓ Mira Señor por nós, e aléntanos para sementar un trato digno con todas as persoas respectando a quen pensa, vive ou cre diferente. Rezamos

Celebrante: Señor, atendes a nosa voz, non nos deixas da túa man, pois sen ti non temos a quen ir. Ti que vives e reinas inmortal e glorioso por sempre eternamente. Amén.

3.- OS SIGNOS DA COMUNIÓN CON DEUS E COA COMUNIDADE

NOSO PAI

Celebrante: Onda quen imos ir? Só Deus ten corazón de Pai. Proclamámolo coa oración que Xesús nos ensinou, por iso dicimos

NOSO PAI ...



SIGNO DA PAZ

Celebrante A decisión persoal por vivir a nosa fe leva consigo transmitir a paz de Deus uns aos outros. Neste momento sementamos a paz nos nosos corazóns, por iso coas nosas mans damos vida e as dos demais dannos vida a nós. Compartímolos na paz.

🎵 **nº 36 Fagamos a paz irmáns**


COMUÑÓN

Celebrante: Os discípulos foron pouco a pouco descubrindo que valía a pena compartir con Xesús a tenrura coa que facía ben. Descubriron tamén que as súas palabras valían a pena porque sempre eran palabras de vida.

Sintámonos orgullosos por escoitar nós hoxe as palabras de Xesús, e orgullosos tamén por poder compartir agora este pan do Señor.

Señor, eu non son merecente de que entres no meu fogar, mais unha palabra túa abonda para me salvar

 *nº 47* *Ti elo pan do ceo*



“Señor, Ti tes Palabras de Vida Eterna”

Palabras do evanxeo de hoxe.

Avísase das misas (ver folla do mes)

*Que teñamos un bo día, unha boa semana,
e o Señor nos bendiga, † nos garde de todo mal
e nos leve ao seu fogar de vida eterna. Amén*

 **n° 56** *Ide e pregoade*

Podémonos ir en paz. Amén

4.- AVISOS E DESPEDIDA

ORACIÓN FINAL

Celebrante:

Señor, ti concediches a túa Igrexa os dons eternos. Conserva en nós a graza que nos deches, para que a novidade do evanxeo nos faga quen de dar respostas novas e reais, no anuncio e construción do teu Reino, por Cristo noso Señor. Amén

Queremos dar unha resposta libre, responsable e persoal á nosa fe.

Só en Xesús atoparemos palabras de vida eterna.

Que saibamos escoller o que encha o noso corazón e a nosa vida.